

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12962 *Lei orgánica 10/2011, do 27 de xullo, de modificación dos artigos 31 bis e 59 bis da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

A Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, establece no seu artigo 31 bis, punto dous, que as mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero que estean en situación de irregularidade e denunciaren o seu agresor serán obxecto dun expediente administrativo sancionador por encontrarse de forma irregular no noso país, que quedará suspendido ata a resolución do procedemento penal.

Así mesmo, establécese nos seguintes puntos que a muller estranxeira en situación de irregularidade poderá solicitar unha autorización de residencia e traballo por circunstancias extraordinarias. A dita autorización non se resolverá ata que conclúa o procedemento penal, sen prexuízo de que as autoridades competentes poidan conceder mentres tanto unha autorización provisional.

Tamén establece o mesmo artigo que, cando do procedemento penal concluído non se poida deducir a situación de violencia de xénero, continuará o expediente administrativo sancionador inicialmente suspendido.

Con todo, o feito de que unha muller estranxeira que estea en situación de irregularidade denuncie o seu agresor e se lle abra un procedemento administrativo que pode acabar en expulsión, desincentiva que as mulleres estranxeiras vaian a denunciar. O 40% das mulleres mortas por violencia de xénero no ano 2009 foron estranxeiras. Por iso, co fin de protexelas, faise necesario establecer unhas condicións legais máis propicias a que as mulleres inmigrantes se atrevan a denunciar os seus agresores. Débese primar a protección dos dereitos á integridade física e moral da muller, cando padece situacións de violencia de xénero, así como o seu dereito á tutela xudicial efectiva, fronte a unha sanción por estar en situación de irregularidade.

Doutra banda, no caso das vítimas de trata de seres humanos, a suspensión do expediente de expulsión deriva da apertura dun período de restablecemento e reflexión, cunha duración mínima de 30 días, durante o cal a vítima debe decidir se coopera coas autoridades na investigación do delito e, de ser o caso, no subseguinte proceso penal. Neste caso, tamén se pretende perfeccionar a coherencia normativa co Convenio número 197 do Consello de Europa, do 16 de maio de 2005, de loita contra a trata de seres humanos, que exige brindar asistencia integral ás vítimas de trata, independentemente de se colaboran ou non e da súa situación administrativa.

En moitas ocasións a vítima de trata non ten información suficiente sobre os seus explotadores ou, por simple medo, non se atreve a denunciar. É nese tipo de situacións cando -desde a Administración- se debe garantir unha adecuada protección á vítima. Neste sentido, é necesario asumir a condena que o Estado español recibiu na Sentenza 2009/143/TXCE, do 14 de maio, por non aplicar a Directiva 2004/81/CE do Consello, do 29 de abril, relativa á expedición dun permiso de residencia a nacionais de países terceiros

que sexan vítimas da trata de seres humanos ou fosen obxecto dunha acción de axuda á inmigración ilegal, que cooperen coas autoridades competentes.

Atendendo ás circunstancias descritas, esta lei consta de dous artigos nos cales se introducen modificacións que afectan os artigos 31 bis e 59 bis da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, que regula os dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

A vontade que o lexislador persegue mediante a modificación dos artigos 31 bis e 59 bis da lei de referencia concrétase en ampliar as medidas de protección que a dita lei lles recoñece ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás vítimas de trata de seres humanos que decidan denunciar o maltratador ou explotador, respectivamente. As novas medidas tratan de mellorar as posibilidades da vítima para exercer o seu dereito constitucional á tutela xudicial efectiva; tales medidas resúmense nos seguintes aspectos:

Respecto das mulleres vítimas de violencia de xénero que denuncien o maltratador, posibilitábase que a solicitude dunha autorización de residencia e traballo por circunstancias excepcionais que a muller maltratada pode pedir para si mesma poida, tamén, facerse extensiva aos seus fillos (a autorización de traballo para os fillos soamente se cumpren o requisito de idade mínima de 16 anos que exige o Estatuto dos traballadores). Considérase na mesma liña a concesión automática -xa non potestativa- dunha autorización provisional de residencia e traballo para a muller maltratada e os seus fillos, que resolva interinamente a súa situación ata que se emita a resolución xudicial relativa á denuncia por violencia machista.

Respecto das vítimas de trata de seres humanos, a lei pretende facilitar que estas cooperen coas autoridades na investigación e incriminación de quen comete esta clase de delitos. Para tal fin, amplíase aos fillos da vítima que estean en España o dereito que a asiste para solicitar da Administración pública competente as medidas que correspondan para garantir a súa seguridade. Tamén se amplía ese dereito a calquera outra persoa que manteña vínculos familiares ou de calquera outra natureza coa vítima, co fin de que as redes de trata non poidan bloquear a cooperación da vítima mediante ameazas graves aos seus achegados. Noutra orde de cuestións, especificábase nesta lei que a resolución de denegación ou revogación do período de restablecemento e reflexión deberá ser motivada, así como que o dereito a interpor recurso administrativo contra a dita resolución se suxeitará ás normas que regulan o procedemento administrativo común.

Artigo 1.

Modifícase o artigo 31 bis da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 31 bis. *Residencia temporal e traballo de mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero.*

1. As mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero, calquera que sexa a súa situación administrativa, teñen garantidos os dereitos recoñecidos na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como as medidas de protección e seguridade establecidas na lexislación vixente.

2. Se ao denunciarse unha situación de violencia de xénero contra unha muller estranxeira se pon de manifesto a súa situación irregular, non se incoará o expediente administrativo sancionador por infracción do artigo 53.1.a) e suspenderase o expediente administrativo sancionador que se incoase pola comisión da dita infracción con anterioridade á denuncia ou, de ser o caso, a execución das ordes de expulsión ou de devolución eventualmente acordadas.

3. A muller estranxeira que se encontre na situación descrita no punto anterior poderá solicitar unha autorización de residencia e traballo por circunstancias excepcionais a partir do momento en que se ditase unha orde de protección ao seu favor ou, na súa falta, informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de

indicios de violencia de xénero. A dita autorización non se resolverá ata que conclúa o procedemento penal. No momento de presentación da solicitude, ou en calquera outro posterior ao longo do proceso penal, a muller estranxeira, por si mesma ou a través de representante, tamén poderá solicitar unha autorización de residencia por circunstancias excepcionais a favor dos seus fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de satisfacer as súas propias necesidades, ou unha autorización de residencia e traballo no caso de que fosen maiores de 16 anos e estean en España no momento da denuncia.

Sen prexuízo do anterior, a autoridade competente para outorgar a autorización por circunstancias excepcionais concederá unha autorización provisional de residencia e traballo a favor da muller estranxeira e, de ser o caso, as autorizacións de residencia provisionais a favor dos seus fillos menores de idade ou con discapacidade, ou de residencia e traballo se fosen maiores de 16 anos, previstas no parágrafo anterior, que estean en España no momento da denuncia. As autorizacións provisionais eventualmente concedidas concluirán no momento en que se concedan ou deneguen definitivamente as autorizacións por circunstancias excepcionais.

4. Cando o procedemento penal conclúa cunha sentenza condenatoria ou cunha resolución xudicial da cal se deduza que a muller foi vítima de violencia de xénero, incluído o arquivo da causa por estar o imputado en paradiro descoñecido ou o sobresemento provisional por expulsión do denunciado, notificaráselle á interesada a concesión das autorizacións solicitadas. No caso de que non se solicitasen, será informada da posibilidade de concederllas e outorgaráselle un prazo para a súa solicitude.

Se do procedemento penal concluído non se puidese deducir a situación de violencia de xénero, incoarase o expediente administrativo sancionador por infracción do artigo 53.1.a) ou continuarase, no caso de que se suspendese inicialmente.»

Artigo 2.

Modifícanse os puntos 2 e 3 do artigo 59 bis da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, que quedan redactados do seguinte modo:

«2. Os órganos administrativos competentes, cando consideren que existen motivos razoables para crer que unha persoa estranxeira en situación irregular foi vítima de trata de seres humanos, informarán a persoa interesada sobre as previsións deste artigo e elevarán á autoridade competente para a súa resolución a oportuna proposta sobre a concesión dun período de restablecemento e reflexión, de acordo co procedemento previsto regulamentariamente.

O dito período de restablecemento e reflexión terá unha duración de, polo menos, trinta días, e deberá ser suficiente para que a vítima poida decidir se desexa cooperar coas autoridades na investigación do delito e, de ser o caso, no procedemento penal. Tanto durante a fase de identificación das vítimas como durante o período de restablecemento e reflexión, non se incoará un expediente sancionador por infracción do artigo 53.1.a) e suspenderase o expediente administrativo sancionador que se lle incoase ou, de ser o caso, a execución da expulsión ou devolución eventualmente acordadas. Así mesmo, durante o período de restablecemento e reflexión, autorizaráselle a estancia temporal e as administracións competentes velarán pola subsistencia e, de resultar necesario, a seguridade e protección da vítima e dos seus fillos menores de idade ou con discapacidade, que estean en España no momento da identificación, aos cales se farán extensivas as previsións do punto 4 deste artigo en relación co retorno asistido ou a autorización de residencia e, de ser o caso, traballo, se foren maiores de 16 anos, por circunstancias excepcionais. Finalizado o período de reflexión, as

administracións públicas competentes realizarán unha avaliación da situación persoal da vítima para efectos de determinar unha posible ampliación do citado período.

Con carácter extraordinario, a Administración pública competente velará pola seguridade e protección daqueloutras persoas, que estean en España, coas cales a vítima teña vínculos familiares ou de calquera outra natureza, cando se acredite que a situación de desprotección en que quedarían fronte aos presuntos traficantes constitúe un obstáculo insuperable para que a vítima acceda a cooperar.

3. O período de restablecemento e reflexión poderá denegarse ou ser revogado por motivos de orde pública ou cando se teña coñecemento de que a condición de vítima se invocou de forma indebida. A denegación ou revogación deberán estar motivadas e poderán ser impugnadas segundo o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Disposición derradeira.

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 27 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO